

## Parentes inequívocos

A pelotíña de golf saíu delirante da súa profunda gorida, espertaba despois dun último tiro, ulindo os novos aromas da cercana primavera. Hoxe tiña unha gran saída a ver aos seus queridos parentes. Mentres cruzaba o campo un par de empresarios remilgados sen máis cousa que facer que arruinar o único que lles quedaba no seu baúl de hipocresía intentaron collela, pero ela puido agocharse. Finalmente conseguiu chegar a súa ansiada meta. Entrou naquela casiña chea de encantos e misterios e viu a Xoana, crecera moito dende a última vez. Despois de facer varios pinchacarneiros por toda a cociña, conseguiu albiscar aos seus curmáns, que estaban todos dentro da avoa, a cal xa estaba algo velliña. Pero a pelota notaba que algo faltaba, de súpeto, escoitou un son e ao xirarse descubriu a súa querida Xoana cun quebranoces...

